



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000012

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 2 DE AGOSTO DE 2019

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Manuel Blanco López.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

D. José Bello López.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 2 de agosto de 2019, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000012

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 15 DE XUÑO E 9 DE XULLO DE 2019.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2020.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2020

Mariano Iglesias Castro, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, tendo en conta o escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña onde se nos require para formular proposta aprobada polo Pleno da Corporación na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste concello para o ano 2020.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Fixar como días festivos locais para o ano 2020, o día 25 de febreiro, martes de Entroido, e o venres 15 de maio, San Cidre.

Segundo.- Darlle traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña.

Mesía, 29 de xullo de 2019. O alcalde, Mariano Iglesias Castro.”

Manifesta o Sr. Alcalde que tradicionalmente sempre se elixiu o martes de Entroido, e o outro día variouse entre San Juan ou San Cidre. Este ano collemos San Cidre porque cae en venres e consideramos que entorpece menos a labor de todo o mundo. Paso a palabra aos demais grupos.

Manifesta a Sra. Louro que nós ímonos abster porque algunha xente quere San Antonio, outra xente quere outros días e é un asunto no que nunca hai acordo.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: Votos a favor: oito, correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, abstencións, dous, correspondentes aos concelleiros do PP e do BNG. Queda aprobada a proposta.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000012

3. SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DUNHA SUBVENCIÓN PARA O “OBRADOIRO DE EMPREGO BRAÑAS DO ULLÓ - RÍO SAMO II”.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DUNHA SUBVENCIÓN PARA O “OBRADOIRO DE EMPREGO BRAÑAS DO ULLÓ - RÍO SAMO II”.

Vista a Orde do 17.04.2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (DOG núm. 88, de data 09.05.2019).

Visto o disposto nos artigos. 1, 3 e 18 de dita Orde.

Visto o disposto nos artigos 25 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, nos artigos 80 e 86.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia e no artigo 4 do R.D. Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de emprego.

Visto o disposto nos artigos 11, 47 e 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de xuño de 2019, adoptouse un acordo inicial de solicitude aos efectos de cumprimentar a subvención en prazo, suxeito a ratificación do Pleno, e tendo en conta así mesmo as modificacións feitas no proxecto a instancias da Xunta de Galicia.

De conformidade co artigo 47.2.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Crear unha agrupación entre o Concello de Frades, o Concello de Mesía e o Concello de Ordes para colaborar no desenvolvemento do proxecto denominado “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó - Río Samo II”.

2.- Encomendar a xestión do proxecto ao Concello de Ordes.

3.- Formalizar a encomenda de xestión a través do correspondente convenio administrativo no que se recollerán os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, facultando ao Alcalde de Mesía para a súa sinatura.

4.- Aprobar o proxecto técnico dos traballos silvícolas: “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó -Río Samo II”, redactado por José Cao Calvo, enxeñeiro agrónomo, cun orzamento de execución de 37.039,44 euros (IVE incluído).



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000012

5.- Aprobar o proxecto “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó - Río Samo II” cun orzamento total de 387.921,23 €.

6.- Solicitar da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao abeiro da cita Orde, unha subvención para o desenvolvemento do proxecto “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó - Río Samo II”, por importe de 336.446,00 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

Mesía, 30 de xullo de 2019.O alcalde,D. Mariano Iglesias Castro.”

Manifesta o Sr. Alcalde que trátase dunha solicitude de subvención na que houbo algunhas variacións respecto ao proxecto inicial porque agora os alumnos do obradoiro van ter dereito ao paro, o que aumenta as cotizacións. A aportación do concello ascende a uns dez mil euros, e vaise dar traballo a cinco persoas durante nove meses. Facemos agrupación con estes concellos como xa fixemos outras veces, porque nós solos non cumpriríamos os requisitos da convocatoria.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: Votos a favor: dez, correspondentes a todos os concelleiros presentes. Queda aprobada a proposta por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

4. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

5. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (178/2019 A 268/2019).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

RELACION DECRETOS DO 178 A 268 DO ANO 2019			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	DATA
178	Organización e funcionamento	Convocatoria pleno ordinario 08/2019 do 07/06/2019	04/06/2019
179	Persoal	Declaración deserto proceso selectivo peóns PEL CONCELLOS 2019	05/06/2019
180	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL extraordinaria 12/2019 do 07/06/2019	05/06/2019



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000012

RELACION DECRETOS DO 178 A 268 DO ANO 2019			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	DATA
181	Acción veciñal	Conesión axuda nacemento filla	06/06/2019
182	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL extraordinaria 13/2019 do 12/06/2019	07/06/2019
183	Organización e funcionamento	Convocatoria Pleno extraordinario 09/2019 do 12/06/2019	07/06/2019
184	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	10/06/2019
185	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión constitutiva 10/2019 do 15/06/2019	10/06/2019
186	Servizos sociais	Alta usuaria SAF	10/06/2019
187	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	10/06/2019
188	Economía e facenda	Liquidación SAF mes abril 2019	10/06/2019
189	Servizos sociais	Alta usuaria SAF	10/06/2019
190	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	10/06/2019
191	Servizos sociais	Alta usuaria SAF	10/06/2019
192	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	10/06/2019
193	Persoal	Convocatoria proceso selectivo dun socorrista	11/06/2019
194	Economía e facenda	X.C. 09/2019. Subvención xunta obra COLOCACION DE BARANDA DE SEGURIDADE NAS BRAÑAS DA VALGA	11/06/2019
195	Facenda municipal	Cambio de titular no padrón definitivo da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios 2019.	11/06/2019
196	Contratación	Devolución garantía definitiva da obra C06/2017. CAMIÑO DE FACHAS AO CASTRILLON (CUMBRAOS) E OUTROS. POS+2017	11/06/2019
197	Facenda municipal	Aprobación definitiva do padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios 2019.	13/06/2019
198	Persoal	Convocatoria e bases proceso selectivo peóns PEL CONCELLOS 2019	14/06/2019
199	Economía e facenda	Execución do gasto 14/06/2019	14/06/2019
200	Economía e facenda	X.C. 10/2019. Subvención Xunta. Posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á mocidade 2019 MESIA-FRADES.	18/06/2019
201	Facenda municipal	Cambio de tipo de local no padrón do lixo 2020.	18/06/2019
202	Persoal	Lista definitiva de admitidos - excluídos e convocatoria valoración méridos proceso selectivo socorrista.	18/06/2019
203	Economía e facenda	Execución do gasto 18/06/2019	18/06/2019
204	Contratación	Adjudicación contrato menor de servizos de execución PROXECTO DINAMIZA PATRIMONIO-TIC: PATRIMONIO CULTURAL, NATURAL, SENDEIRISMO E NOVAS TECNOLOXÍAS	19/06/2019
205	Economía e facenda	Execución do gasto 19/06/2019. Nóminas extra mes xuño 2019.	19/06/2019
206	Persoal	Contratación socorrista 2019	20/06/2019
207	Obras e urbanismo	Licenza de obra e comunicación previa de actividade.Expte.. CPACOM 08/2018. AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA. GANADERÍA O CAMPO, S.C.	20/06/2019
208	Persoal	Lista definitiva admitidos-excluídos e convocatoria proba selección peóns PEL CONCELLO 2019.	20/06/2019



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000012

RELACION DECRETOS DO 178 A 268 DO ANO 2019			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	DATA
209	Organización e funcionamento	Designación membros Xunta de Goberno Local.	20/06/2019
210	Organización e funcionamento	Nomeamento Tenentes de Alcalde.	20/06/2019
211	Organización e funcionamento	Delegación de funcións da Alcaldía na primeira Tenente de Alcalde	21/06/2019
212	Persoal	Nomeamento secretaria accidental Xulgado de Paz	25/06/2019
213	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar axuda no fogar	25/06/2019
214	Economía e facenda	Liquidación SAF mes maio 2019	25/06/2019
215	Economía e facenda	Execución do gasto 26/06/2019	26/06/2019
216	Economía e facenda	X.C. 11/2019. Subvención Xunta. Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade	26/06/2019
217	Persoal	Nomeamento peóns PEL CONCELLOS 2019	26/06/2019
218	Padrón de Habitantes	Baixa de oficio no padrón municipal de habitantes I.M.Q.	26/06/2019
219	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar axuda no fogar	26/06/2019
220	Economía e facenda	Execución do gasto 27/06/2019	27/06/2019
221	Economía e facenda	Execución do gasto 27/06/2019. Nóminas mes xuño 2019	27/06/2019
222	Contratación	Adxudicación Servizo de Axuda no Fogar	28/06/2019
223	Servizos Sociais	Baixa usuarios axuda de alimentos	28/06/2019
224	Economía e facenda	P.X. 005/2019 e execución do gasto 1/7/2019	01/07/2019
225	Servizos Sociais	Alta usuario axuda de alimentos_AACE	01/07/2019
226	Servizos Sociais	Alta usuario axuda de alimentos_NRN	01/07/2019
227	Servizos Sociais	Modificación intensidade SAF usuaria	02/07/2019
228	Servizos Sociais	Corrección erro Decreto 227-2019 do 02-07-19	03/07/2019
229	Axuda veciñal	Concesión axuda nacemento filla	03/07/2019
230	Obras e urbanismo	Concesión enganches abastecemento de auga municipal	04/07/2019
231	Organización e funcionamento	Designación concellerías mandato 2019-2023	04/07/2019
232	Organización e funcionamento	Delegación de competencias na XGL	04/07/2019
233	Organización e funcionamento	Convocatoria pleno organizativo 11/2019	04/07/2019
234	Servizos Sociais	Alta usuario SAF_GMR	08/07/2019
235	Facenda Municipal	Cambio denominación social titular Rede Abastecemento de Auga Municipal	08/07/2019
236	Facenda Municipal	Cambio de titularidade no Padrón de Abastecemento de Auga	08/07/2019
237	Economía e Facenda	X.C. 12/2019. Subvención Xunta para o programa LER CONTA MOITO 2019 (Diferenzas entre o presupuestado e o concedido)	08/07/2019
238	Facenda Municipal	Cambio de uso no abastecemento de auga municipal	09/07/2019



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000012

RELACION DECRETOS DO 178 A 268 DO ANO 2019			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	DATA
239	Obras e urbanismo	Aprobación cert. 1 obra denominada "P.A.I. EN XANCEDA". SUBVENCIÓN AGADER	09/07/2019
240	Facenda Municipal	Modificación titularidade no padrón pola recollida de lixo e servizos complementarios exercicio 2020.	09/07/2019
241	Servizos sociais	Alta usuario SAF	09/07/2019
242	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	09/07/2019
243	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión constitutiva da XGL 14/2019 do 11/07/2019	09/07/2019
244	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión ordinaria XGL 15/2019 do 11/07/2019.	09/07/2019
245	Facenda Municipal	Modificación razón social da titularidade na rede de abastecemento de auga municipal.	10/07/2019
246	Obras e urbanismo	Aprobación cert. 1 obra CAMIÑO DE PONTE FEÁS A CAMPELO (MESÍA) E OUTROS C05/2019. POS+ 2018 ADICIONAL 1/2018	10/07/2019
247	Obras e urbanismo	Aprobación cert. 1-Final obra CAMIÑO NO TIÑOSO - ALVITE (MESÍA) E OUTROS. POS 2018.	10/07/2019
248	Persoal	Nomeamento secretaria accidental Xulgado de Paz	10/07/2019
249	Contratación	C06/2019. Adxudicación obra CAMIÑO EN CABANA (LANZÁ) E OUTROS. POS+ 2019.	11/07/2019
250	Contratación	C07/2019. Adxudicación OBRA CAMINO EN O REGUEIRO (BASCOI) Y OTROS. POS + 2019	11/07/2019
251	Economía e facenda	Execución do gasto 12/07/2019	12/07/2019
252	Acción veciñal	Concesión subvención nominativa Visantoña CF	12/07/2019
253		Sin efecto.	
254	Contratación	C08/2019. Adxudicación OBRA CAMIÑO EN MATA (XANCEDA) E OUTROS. POS+ 2019.	12/07/2019
255	Servizos sociais	Baixa usuaria SAF	12/07/2019
256	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	12/09/2019
257	Economía e facenda	Liñas fundamentais presuposto exercicio 2020	16/07/2019
258	Servizos sociais	Baixa usuario SAF_AACE	17/07/2019
259	Persoal	MODIFICACION XORNADA LABORAL AUX. AXUDA NO FOGAR_MCLA	17/07/2019
260	Contratación	Aprobación expte. contratación C09/2019. COLOCACIÓN VARANDA DE SEGURIDADE NAS BRAÑAS DA VALGA (VISANTOÑA)	18/07/2019
261	Economía e facenda	Pago a xustificar 006/2019 e execución do gasto 19/07/2019	19/07/2019
262	Economía e facenda	Execución do gasto 19/07/2019	19/07/2019
263	Persoal	Nomeamento secretaria accidental Concello	19/07/2019
264	Contratación	Devolución Aval C11/2016	19/07/2019
265	Servizos sociais	Alta usuaria SAF_MFL	22/07/2019
266	Economía e facenda	Liquidación SAF mes xuño 2019	22/07/2019
267	Acción veciñal	Concesión axuda nacemento filla	22/07/2019



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000012

RELACION DECRETOS DO 178 A 268 DO ANO 2019			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	DATA
268	Acción veciñal	Concesión subvención nominativa Club Deportivo Mesía	29/07/2019

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

6. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS OS DÍAS 30 DE MAIO, 7 E 12 DE XUÑO E 11 DE XULLO DE 2019.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta a Sra. Louro se as súas propostas do pasado Pleno respecto ás Comisións Informativas e ás asignacións aos grupos políticos foron tomadas en consideración. Resposta o Sr. Alcalde que, en canto ás Comisións, consideramos que é repetir o Pleno dúas veces, xa que se lles mandan aos concelleiros todos os asuntos a tratar con antelación suficiente e aquí se debaten o tempo que faga falta, polo que facelo tamén nunha Comisión, sería repetitivo. En canto á asignación aos grupos sí que o noso grupo o estivo valorando e chegamos a unha conclusión que, si lles parece, transmitireilles cando finalice o Pleno para poder traer na vindeira sesión unha proposta unánime consensuada por todos.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as trece horas e cincuenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,